

## 2.º Comerciais:

Período de comercialización.

Características organolépticas do froito: color, forma, calibre, sabor, textura, olor.

Calidades para a manipulación, transporte e conservación.

Outras características comerciais que estableza a comunidade autónoma.

Estas novas plantacións realizaranse en calquera parcela da explotación, no prazo comprendido entre a notificación da concesión da axuda ao beneficiario e o 31 de marzo de 2011. Non obstante, as comunidades autónomas poderán establecer que, baixo responsabilidade do titular da explotación, este prazo comece unha vez que levantasen a acta de non-inicio das actuacións na parcela obxecto da reconversión.

## e) A nova plantación deberá:

1.º Ter unha superficie mínima por parcela de 0,5 hectáreas. A este respecto, contabilizarase como a superficie dunha soa parcela a suma das superficies daquelas parcelas baixo un mesmo linde común que formen unidades homoxéneas do mesmo cultivo froiteiro, a pesar de que teñan números de identificación distintos.

2.º Ter unha densidade igual ou superior a 350 árbores por hectárea no caso das froiteiras de carabuña e de 1.250 árbores por hectárea no caso das froiteiras de pebida. No caso de plantacións ecolóxicas, a comunidade autónoma poderá modificar esta densidade sempre que se xustifique tecnicamente.

3.º Ser realizada con material vexetal certificado. Cando non se poida dispor deste material vexetal certificado, poderase utilizar material vexetal CAC (Conformitas Agraris Comunitatis). En ambos os casos se deberá xustificar a súa orixe co correspondente albará, pasaporte fitosanitario e factura de compra a un viveirista co título de produtor seleccionador ou multiplicador de froiteiras.

f) Manter as novas plantacións cultivadas de maneira sustentable e en condicións de obter un rendemento óptimo de cultivo, de acordo coas condicións agroclimáticas da zona onde se encontren situadas, durante un período mínimo de cinco anos a partir da súa plantación.»

Disposición adicional primeira. *Modificación de plans de reconversión.*

En relación cos plans de reconversión presentados con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, os beneficiarios deberán presentar un documento complementario no cal se especifiquen as melloras que se pretenden alcanzar nalgunha das características establecidas no artigo 10.d). Ademais, para os plans que aínda non fosen finalizados, poderase modificar a densidade das novas plantacións, sempre que se cumpra co mínimo establecido no artigo 10.e) 2.º

Disposición adicional segunda. *Prazos aplicables para o ano 2007.*

Para o ano 2007 amplíase o prazo de presentación de solicitudes que establece o artigo 5 do Real decreto 358/2006, do 24 de marzo, ata o 18 de maio, incluído, do citado ano.

A comunicación que lle debe realizar cada comunidade autónoma á Dirección Xeral de Agricultura, segundo establece o artigo 9.1 do Real decreto 358/2006, do 24 de marzo, realizarase ata o día 16 de xuño de 2007.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

### 7285

*ORDE EHA/875/2007, do 29 de marzo, pola que se determina o contido e especificacións técnicas da información que se subministrará á base de datos nacional de subvencións regulada no Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. («BOE» 83, do 6-4-2007.)*

O Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, establece no artigo 37 o contido da información que os obrigados definidos no seu artigo 36 deben subministrar á base de datos nacional de subvencións, á vez que prevé que o detalle desta información se determinará mediante orde do Ministerio de Economía e Facenda en colaboración coas administracións públicas afectadas.

Esta orde ten por obxecto establecer o contido e estrutura dos ficheiros informáticos para o intercambio de información, así como os procedementos para ese intercambio.

Esta orde ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución. Conforme a reiterada doutrina do Tribunal Constitucional (por todas, STC 131/1996), a condición básica dunha regulación pódese estender a unha norma de rango regulamentario, atendendo ao «carácter marcadamente técnico ou á súa natureza conxuntural e cambiante.» De acordo con este pronunciamento, débese entender que a regulación, a través deste instrumento normativo, das especificacións do contido e do procedemento da información que se subministrará á base de datos nacional de subvencións, en desenvolvemento do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, debe ter, como a propia norma habilitante da cal deriva, substantividade básica.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Ámbito.*

Están obrigados a facilitar información á base de datos nacional de subvencións os órganos e entes previstos no artigo 36 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co alcance previsto no seu artigo 35.

#### Artigo 2. *Detalle do contido da información que hai que subministrar.*

A información que se lle facilitará á base de datos nacional de subvencións terá o contido que, estruturado

en operacións, se detalla no anexo 1 «Contido da información que hai que subministrar» desta orde, de acordo coas especificacións recollidas no anexo 2 «Formato dos campos usuais», no anexo 3 «Contido das táboas» e no anexo 4 «Especificacións técnicas do ficheiro de envío de información».

No ámbito da Administración xeral do Estado, os seus organismos e entidades vinculadas ou dependentes, este contido estará referido ás operacións realizadas a partir do 1 de xaneiro do ano 2007; ata a dita data, será de aplicación a disposición transitoria terceira do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### Artigo 3. *Forma de presentación da información.*

A información que se subministrará á base de datos nacional de subvencións remitirase a través de ficheiros xerados, ben autonomamente, con suxeición ás especificacións técnicas contidas nos anexos desta orde, ou ben mediante o sistema de información (TESEOnet) dispoñible a través do portal na internet da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos.

Con independencia da modalidade utilizada na xeración do ficheiro, efectuarase a súa presentación mediante o sistema de información citado, utilizando un certificado electrónico recoñecido de acordo co previsto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. No momento da súa presentación, obterase un resumo do seu contido que será asinado electronicamente como requisito obrigatorio para dar por presentado o ficheiro.

O contido dos ficheiros así presentados será procesado e o resultado dos procesos de carga da información na base de datos nacional de subvencións estará á disposición do remitente a través do mesmo sistema de información.

### Artigo 4. *Periodicidade de presentación da información.*

A información relativa a cada trimestre natural, xunto con calquera outra non facilitada anteriormente, deberá ter sido subministrada á base de datos de subvencións antes de finalizar o prazo de trinta días naturais seguintes ao da finalización de cada trimestre; non obstante, o sistema de información TESEOnet permitirá que a información poida ser presentada de forma continua, sen necesidade de esperar á finalización do prazo. En caso de que non exista información para subministrar, indícarase esta circunstancia a través do sistema de información TESEOnet no prazo establecido.

### Artigo 5. *Actuacións previas.*

Antes de iniciar a subministración de información á base de datos nacional de subvencións, o órgano remi-

tente deberá realizar as actuacións previas detalladas no anexo 5 «Actuacións previas aos envíos de información» desta orde.

### Artigo 6. *Control de accesos ao sistema de información.*

O acceso aos procedementos de consulta á base de datos de subvencións e aos de xeración e presentación de ficheiros realizarase de acordo co previsto pola Resolución do 24 de maio de 2005, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, de control de accesos ás bases de datos da Secretaría Xeral de Orzamentos e Gastos e da Intervención Xeral da Administración do Estado.

No ámbito das administracións autonómica e local, a solicitude de acceso á base de datos nacional de subvencións será realizada a través dos órganos previstos no artigo 36.4 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### Artigo 7. *Posta de información á disposición das comunidades autónomas.*

De acordo co previsto no artigo 41.5 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Intervención Xeral da Administración do Estado, coa periodicidade establecida neste artigo, porá á disposición dos órganos indicados no seu artigo 36.4.a) a información regulada no dito artigo a través do sistema de información TESEOnet.

### Artigo 8. *Autorización á Intervención Xeral da Administración do Estado.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado, en colaboración cos órganos indicados no artigo 36.4 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, poderá modificar as especificacións recollidas nos anexos a esta orde de acordo coas posibilidades técnicas de cada momento.

### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, 14.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución.

### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 29 de marzo de 2007.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda; Pedro Solbes Mira.

## ANEXO 1

## Contido da información que hai que subministrar

## a) Información sobre a normativa aplicable

O obrigado á subministración de información facilitará información básica sobre a normativa aplicable de cada convocatoria anual que deba ser incorporada á base de datos nacional de subvencións. Esta información refírese á identificación das bases reguladoras que deben rexer as convocatorias anuais así como outros datos de interese das normas que as regulan.

En ausencia de convocatoria anual, para os efectos de envío de información, asimiláranse a convocatoria:

- as normas que establecen subvencións nominativas,
- os convenios de colaboración de que derive a concesión de subvencións,
- as normas que outorguen un dereito obxectivo á obtención de subvencións a aquelas persoas que reúnan os requisitos establecidos, salvo que sexa necesaria unha resolución anual para a súa aplicación; neste caso, esta terá a consideración de convocatoria, e
- calquera outra norma ou actuación equivalente ás anteriores.

A información que hai que comunicar é a seguinte:

1. A comunicación da identificación das bases reguladoras e da súa descrición realizarase a través da operación "Base reguladora".
2. Respecto a cada unha das convocatorias anuais, facilitarase a identificación da súa base reguladora, así como información sobre os aspectos da normativa que regulan a concesión, o pagamento e a xustificación da aplicación da subvención. Esta comunicación realizarase a través da operación "Convocatoria".
3. O cadro de financiamento da convocatoria será comunicado a través da operación "Cadro de financiamento da convocatoria" e nel indicaranse as súas fontes de financiamento e os importes correspondentes. Esta operación conterá a información coñecida no momento da súa comunicación e deberá ser actualizada cando se produza calquera modificación.
4. Cada convocatoria rexistrada na base de datos incorporará as aplicacións orzamentarias que a financian, así como o importe orzado en cada aplicación dedicado a financiar a convocatoria; este importe será a contía total máxima destinada ás subvencións convocadas, que, de acordo co artigo 58 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, será fixado necesariamente na convocatoria. En caso de subvencións plurianuais (art. 57 do regulamento citado), en cada exercicio rexistraranse as operacións 85 por cada aplicación orzamentaria e cuxo importe será a contía distribuída na anualidade correspondente. Esta información será comunicada a través da operación "Aplicacións orzamentarias da convocatoria", que conterá a información coñecida no momento da súa comunicación e deberá ser actualizada cando se produza calquera modificación posterior. A comunicación desta operación é opcional fóra da Administración xeral do Estado e dos seus organismos e entidades dependentes.

## Base reguladora (80)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx80" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor das convocatorias asociadas a estas bases reguladoras.
2.- CLAVE				
IDENTIFICACIÓN DA BASE REGULADORA				
Clave que identifica a base reguladora das convocatorias anuais.				
En caso de que as bases reguladoras se inclúan na norma conxuntamente coa convocatoria anual, os datos da clave coinciden cos da convocatoria.				
19	4	Num	Ano da base reguladora	Ano da data de publicación no boletín oficial correspondente da norma que contén as bases reguladoras da subvención.
23	6	Num	Marxinal da base reguladora	Número secuencial con que aparece numerada no boletín oficial correspondente a norma que contén as bases reguladoras da subvención. Noutro caso, número dentro do intervalo asignado pola Intervención Xeral da Administración do Estado.
29	3	Num	Ordinal da base reguladora	En caso de que unha única norma inclúa as bases reguladoras de subvencións distintas, o ordinal identifica cada unha das subvencións incluídas na norma, comezando por "000". En caso de bases reguladoras de subvención única terá o valor "000".
32	1	Alf	Tipo de normativa da base reguladora	Fai referencia á orixe da norma. Valor existente na táboa "Tipos de normativa".
3.- DATOS				
DATOS DA BASE REGULADORA				
33	255	Alf	Denominación	Texto descritivo das bases reguladoras. En caso de que unha única norma inclúa as bases reguladoras de subvencións distintas, o texto descritivo conterá referencias suficientes.

## Convocatoria (81)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx81" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE				
IDENTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA				
19	18	Alf	Convocatoria	Identificación da convocatoria anual da subvención, de acordo co contido do anexo 2. "Formato dos campos usuais".
3.- DATOS				
DATOS DE CONVOCATORIA ANUAL				
37	14	Num	Base reguladora	Identificación da base reguladora, co contido de campos previsto na clave na operación "Base reguladora (80)".
51	255	Alf	Denominación	Texto descritivo da convocatoria. En caso de que unha convocatoria inclúa subvencións distintas, a denominación conterá referencias suficientes.
306	3	Alf	Función	Función política ou pública perseguidas co outorgamento da subvención. En caso de que a subvención se dirixa a máis dunha función, elixirase a economicamente máis representativa. Valor existente na táboa "Funcións".
309	4	Alf	Actividade económica	Sector da actividade económica a que se dirixe a subvención. En caso de que a subvención se dirixa a máis dunha actividade económica, elixirase a economicamente máis representativa. Valor existente na táboa "Actividades económicas".
313	3	Alf	Obxecto	Obxecto financeiro da subvención; punto concreto da estrutura dos recursos financeiros do beneficiario a que vai dirixida a subvención. En caso de que a subvención se dirixa a máis dun obxecto, elixirase o economicamente máis representativo. Valor existente na táboa "Obxectos das subvencións".
316	3	Alf	Momento da xustificación	Determina se a xustificación dos pagamentos regulados pola convocatoria debe ser anterior ou posterior ao seu pagamento. Se non existe uniformidade no momento da xustificación dos pagamentos derivados dunha mesma concesión, establecerase como momento da xustificación o correspondente ao último pagamento. En caso de que dunha convocatoria poidan derivar concesións tanto de xustificación previa como diferida, os xestores deberán separar, baixo ordinais de convocatoria distintos, as concesións que se realicen cun tipo ou outro de xustificación ou, noutro caso, considerar todos os pagamentos como de xustificación posterior. Valor existente na táboa "Momentos da xustificación".
319	3	Alf	Tipo de financiamento	Orixe dos fondos que financian a subvención. Valor existente na táboa "Tipos de financiamento".
322	1	Alf	Condición de concesión plurianual	Valor "S" se se prevé a posibilidade de que se poidan resolver concesións que impliquen compromisos de gastos de carácter plurianual. Valor "N" en caso contrario.
323	8	Fec	Inicio de vixencia	Data a partir da cal se poden acordar concesións da subvención.
331	8	Fec	Final de vixencia	Data a partir da cal non se poden acordar concesións da subvención. Se non se prevé, consignarase como final de vixencia o último día do ano.
339	4	Num	Prazo máximo de xustificación	Prazo (en número de días) contado desde o indicado no campo "Orixe do prazo de xustificación", durante o cal se debe producir a xustificación das subvencións. Valor alternativo a "Data límite de xustificación". Só se consignará se a subvención se xustifica despois do pagamento (subvencións prepagables); sen valor en caso contrario.
343	3	Alf	Orixe do prazo de xustificación	Acto administrativo a partir do cal comeza a correr o prazo de xustificación. Valor existente na táboa "Orixes do prazo de xustificación". Valor alternativo a "Data límite de xustificación". Só se consignará se a subvención se xustifica despois do pagamento (subvencións prepagables); sen valor en caso contrario.
346	8	Fec	Data límite de xustificación	Data límite para a xustificación da subvención. Valor alternativo a "Prazo de xustificación" e "Orixe do prazo de xustificación". Só se consignará se a subvención se xustifica despois do pagamento (subvencións prepagables); sen valor en caso contrario.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
354	1	Alf	Condición de subvención nominativa	Valor "S" se se trata de subvencións nominativas. Valor "N" en caso contrario.
355	1	Alf	Condición de convenio	Valor "S" se se trata de subvencións xestionadas a través de convenios. Valor "N" en caso contrario.
356	150	Alf	Observacións	Se é o caso, referencias textuais a calquera aspecto non incluído pero que resulte de interese para os obxectivos do control das subvencións (normativa adicional, condicións especiais, etc.). Campo que se cubrirá opcionalmente.
506	3	Alf	Tipo de subvención	Cualificación da subvención. Valor existente na táboa "Tipos de subvención".

## Cadro de financiamento da convocatoria (84)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx84" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE				
IDENTIFICACIÓN DA OPERACIÓN				
19	18	Alf	Convocatoria	Identificación da convocatoria, co contido de campos previsto na clave na operación "Convocatoria (81)".
3.- DATOS				
DATOS DA OPERACIÓN				
37	15	Alf	Importe OXE	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente dos orzamentos xerais do Estado.
52	15	Alf	Importe OXCA	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.
67	15	Alf	Importe OXCL	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente dos orzamentos da Administración local (corporacións e entes locais).
82	15	Alf	Importe FEDER	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente do FEDER.
97	15	Alf	Importe FSE	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente do FSE.
112	15	Alf	Importe FEADER	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente do FEADER.
127	15	Alf	Importe FEAGA	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente da FEAGA.
142	15	Alf	Importe IFOP	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente do IFOP.
157	15	Alf	Importe Fondo Cohesión	Se é o caso, importe que financia a convocatoria procedente do Fondo de Cohesión.
172	15	Alf	Importe UE	Se é o caso, outros importes procedentes da UE que financian a convocatoria.

## Aplicacións orzamentarias da convocatoria (85)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx85" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE				
IDENTIFICACIÓN DA OPERACIÓN				
19	18	Alf	Convocatoria	Identificación da convocatoria, co contido de campos previsto na clave na operación "Convocatoria (81)".
37	24	Alf	Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria que financia a convocatoria, codificada de acordo co contido do anexo 2. "Formato dos campos usuais". Campo que se cubrirá opcionalmente se o ámbito non é "AG".
3.- DATOS				
DATOS DA OPERACIÓN				
61	15	Alf	Importe	Crédito final da aplicación destinado a financiar a convocatoria. Este importe será a contía total máxima destinada ás subvencións convocadas. En caso de subvencións cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel en que recaia resolución de concesión (subvencións plurianuais), en cada exercicio rexistraranse operacións 85 por cada aplicación orzamentaria e cuxo importe será a contía distribuída na anualidade correspondente.

## B) Información identificativa dos beneficiarios de subvencións

O obrigado á subministración de información facilitará a información de identificación necesaria mediante a operación "Datos persoais" respecto dos beneficiarios das subvencións, dos beneficiarios de entregas en diñeiro sen contraprestación, así como respecto das persoas ou entidades nas cales conorra algunha das circunstancias recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

## Datos persoais (70)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx70" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor das convocatorias nas cales actúa a persoa, de quen efectúa as entregas en diñeiro sen contraprestación ou do órgano que comunica a prohibición.
2.- CLAVE			IDENTIFICACIÓN	
19	15	Alf	Identificación persoal	Identificación persoal, de acordo co contido do anexo 2. "Formato dos campos usuais".
3.- DATOS			DATOS	
34	3	Alf	Natureza xurídica	Valor existente na táboa "Naturezas xurídicas".
37	64	Alf	Primeiro apelido	En persoas físicas, campo que hai que cubrir obrigatoriamente. Sen contido en persoas xurídicas.
101	64	Alf	Segundo apelido	En persoas físicas españolas, campo que hai que cubrir obrigatoriamente. Sen contido en persoas xurídicas.
165	64	Alf	Nome	En persoas físicas, campo que hai que cubrir obrigatoriamente. Sen contido en persoas xurídicas.
229	128	Alf	Razón social	En persoas xurídicas, campo que hai que cubrir obrigatoriamente. Sen contido en persoas físicas.
357	100	Alf	Domicilio	Domicilio postal.
457	100	Alf	Municipio	Denominación do municipio do domicilio postal.
557	5	Num	Código postal	Código postal do municipio. Se o campo "Municipio" se refire a unha localización fóra do territorio nacional, conterá o valor "99999".
562	2	Num	Provincia	Provincia do municipio. Valor existente na táboa "Provincias". Valor "99" en localizacións fóra do territorio nacional.

## C) Información sobre entregas en diñeiro sen contraprestación

O obrigado á subministración de información comunicará información sobre as entregas realizadas a cada beneficiario a través da operación "Entregas en diñeiro sen contraprestación". Igualmente comunicará, se é o caso, información sobre a devolución realizada polo perceptor da entrega a través da operación "Devolucións de entregas en diñeiro sen contraprestación".

## Entregas en diñeiro sen contraprestación (32)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx32" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Entidade	Identificación do que fai a entrega
2.- CLAVE			IDENTIFICACIÓN DO PAGAMENTO	
19	15	Alf	Beneficiario	Identificación do beneficiario da entrega.
34	3	Num	Ordinal da entrega	Identifica secuencialmente cada unha das entregas realizadas empezando por "001". En caso de entrega única terá o valor "001".
3.- DATOS			DATOS DO PAGAMENTO	
37	8	Fec	Data de pagamento	Data da entrega.
45	15	Alf	Importe	Contía da entrega.
60	64	Alf	Motivo	Descrición textual do motivo e obxecto da entrega.
124	100	Alf	Municipio	Lugar onde se realiza a actividade ou se adopta o comportamento que fundamenta a entrega. De non dispoñerse desta información, consignarase a correspondente ao domicilio do beneficiario da entrega.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
224	5	Num	Código postal	Código postal do lugar onde se realiza a actividade ou se adopta o comportamento que fundamenta a entrega. Se o campo "Municipio" se refire a unha localización fóra do territorio nacional, conterà o valor "99999". De non dispoñerse desta información consignarase o correspondente ao domicilio do beneficiario da entrega. Valor relacionado co contido do campo "Provincia".
229	2	Num	Provincia	Código da provincia onde se realiza a actividade ou se adopta o comportamento que fundamenta a entrega. Valor existente na táboa "Provincias". Valor "99" en localizacións fóra do territorio nacional. De non dispoñerse desta información consignarase a correspondente ao beneficiario da entrega. Valor relacionado co contido do campo "Código postal".

## Devolucións de entregas en diñeiro sen contraprestación (39)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx39" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Entidade	Identificación de que fai a entrega
2.- CLAVE IDENTIFICACIÓN DO PAGAMENTO				
19	15	Alf	Beneficiario	Identificación do beneficiario da entrega.
34	3	Num	Ordinal da entrega	Identifica o número da entrega de que se produce devolución.
3.- DATOS DATOS DO PAGAMENTO				
37	8	Fec	Data de devolución	Data de devolución, en caso de devolución única, ou da última devolución.
45	15	Alf	Importe devolto	Importe acumulado devolto.

## D) Información sobre a xestión das concesións

Tanto no caso de que os pagamentos aos beneficiarios das subvencións se realice a través de entidades colaboradoras, como en caso de pagamentos por parte do órgano xestor ao receptor da subvención, a información que deberán subministrarse os obrigados á subministración de información refírese á concesión da subvención realizada, á propia do pagamento material e á da xustificación das subvencións prepagables. A información que se subministrará por cada convocatoria, concesión e beneficiario, estruturárase nas seguintes operacións:

- O obrigados á subministración de información comunicará as concesións de subvencións realizadas e informará da súa condición de "axuda de minimis". Esta comunicación realizarase a través da operación "Concesión de subvención a beneficiario".
- O obrigados á subministración de información comunicará os pagamentos que fosen efectuados a cada un dos beneficiarios de subvencións. Esta comunicación alcanzará tanto aos pagamentos directos, realizados individualmente a cada beneficiario, como aos pagamentos realizados a través das entidades colaboradoras e realizarase a través da operación "Pagamento de subvención a beneficiario".
- O obrigados á subministración de información comunicará, se é o caso, información sobre a devolución, sen que mediase procedemento de reintegro, da totalidade ou de parte da subvención recibida, así como sobre as xustificacións realizadas polos beneficiarios de subvencións cuxa convocatoria prevexa que deban ser xustificadas con posterioridade ao seu pagamento. Respecto ás subvencións nas cales a xustificación do dereito á subvención se produce con anterioridade á súa concesión ou, en calquera caso, con anterioridade ao seu pagamento, non é necesaria a comunicación desta xustificación. Esta comunicación realizarase a través da operación "Xustificación efectuada polo beneficiario da subvención prepagable".

## Concesión de subvención a beneficiario (20)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx20" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE IDENTIFICACIÓN DA CONCESIÓN				
19	18	Alf	Convocatoria	Identificación da convocatoria, co contido de campos previsto na clave na operación "Convocatoria (81)".
37	15	Alf	Beneficiario	Identificación do beneficiario da subvención.
52	3	Num	Ordinal da concesión	En cada convocatoria do órgano xestor, identifica secuencialmente cada unha das concesións realizadas ao beneficiario, empezando por "001". En caso de concesión única terá o valor "001".

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
55	4	Num	Anualidade	Exercicio orzamentario con cargo ao cal se resolven as concesións. En caso de subvencións cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel en que recaia resolución de concesión (subvencións plurianuais), exercicio orzamentario de cada anualidade.
3.- DATOS			DATOS DA CONCESIÓN	
59	8	Fec	Data de concesión	Data da resolución de concesión da subvención. En caso de concesións plurianuais, data de resolución da concesión plurianual. En caso de prórroga de concesións, data de resolución da prórroga. En caso de tramitación anticipada, data da resolución anticipada.
67	24	Alf	Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria da concesión, codificada de acordo co contido do anexo 2. "Formato dos campos usuais". Esta aplicación deberá ser necesariamente unha das comunicadas mediante a operación "Aplicacións orzamentarias da convocatoria (85)". Campo que se cubrirá opcionalmente se o ámbito non é "AG".
91	15	Alf	Importe concedido total	Importe da resolución de concesión da subvención. En caso de que a concesión implique compromisos de gastos de carácter plurianual, refírese ao importe concedido acumulado de todas as anualidades. Noutro caso, coincidirá co "Importe concedido da anualidade actual".
106	2	Num	Número de anualidades	Número de anualidades previsto en caso de que a concesión implique compromisos de gastos de carácter plurianual. En caso de anualidade única, terá o valor "01".
108	15	Alf	Importe concedido da anualidade actual	Importe da resolución de concesión da subvención para a anualidade que figura no campo "Anualidade".
123	1	Alf	Condición de axuda de minimis	Valor "S" se o importe concedido ten a cualificación de "axuda de minimis" de acordo cos regulamentos comunitarios aplicables. Valor "N" en caso contrario.

## Pagamento de subvención a beneficiario (22)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx22" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE			IDENTIFICACIÓN DO PAGAMENTO	
19	40	Alf	Identificación da concesión	Identificación da concesión, co contido de campos previsto como clave na operación "Concesión de subvención a beneficiario (20)".
59	3	Num	Ordinal do pagamento	En cada concesión a favor dun beneficiario, identifica secuencialmente cada un dos pagamentos fraccionados ou parciais realizados ao receptor da subvención empezando por "001". En caso de pagamento único terá o valor "001".
3.- DATOS			DATOS DO PAGAMENTO	
62	8	Dat	Data de pagamento	Data do pagamento da subvención realizado polo xestor ou pola entidade colaboradora no pagamento. Data da proposta de pagamento en caso de que o pagamento deba ser ordenado pola Dirección Xeral do Tesouro de acordo cunha proposta enviada a través da Central Contable do Estado, incluídos os pagamentos masivos realizados a través do caixeiro de pagamentos especiais.
70	15	Alf	Importe	Contía do pagamento de subvención realizado.
85	24	Alf	Aplicación orzamentaria	Aplicación orzamentaria do pagamento, codificada de acordo co contido do anexo 2. "Formato dos campos usuais". Esta aplicación deberá ser necesariamente unha das comunicadas mediante a operación "Aplicacións orzamentarias da convocatoria (85)". En caso de pagamento a través de entidade colaboradora, aplicación orzamentaria con cargo á cal se realizou a entrega de fondos á entidade colaboradora no pagamento. Campo que se cubrirá opcionalmente se o ámbito non é "AG".
109	100	Alf	Municipio	Lugar onde se realiza a actividade ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. De non dispoñerse desta información consignarase a correspondente ao domicilio do beneficiario.
209	5	Num	Código postal	Código postal do lugar onde se realiza a actividade ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. Se o campo "Municipio" se refire a unha localización fóra do territorio nacional, conterá o valor "99999". De non se dispoñer desta información, consignarase o correspondente ao domicilio do beneficiario. Valor relacionado co contido do campo "Provincia".
214	2	Num	Provincia	Código da provincia onde se realiza a actividade ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención. Valor existente en táboa "Provincias". Valor "99" en localizacións fóra do territorio nacional. De non se dispoñer desta información, consignarase a correspondente ao domicilio do beneficiario. Valor relacionado co contido do campo "Código postal".



## Xustificación efectuada polo beneficiario da subvención prepagable (24)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx24" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE IDENTIFICACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN				
19	40	Alf	Identificación da concesión	Identificación da concesión, co contido de campos previsto como clave na operación "Concesión de subvención a beneficiario (20)".
59	8	Dat	Data da xustificación	Data na cal o obrigado á subministración de información realiza a xustificación total ou parcial da subvención prepagable.
3.- DATOS DATOS DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN				
67	15	Alf	Importe xustificado	Se é o caso, contía da subvención prepagable, xustificada na data da clave, admitida como tal polo xestor.
82	8	Dat	Data de devolución	Se é o caso, data da devolución realizada por iniciativa do beneficiario e sen que medie procedemento de reintegro.
90	15	Alf	Importe devolto	En caso de devolución, contía da subvención prepagable devolta por iniciativa do beneficiario e sen que medie procedemento de reintegro.

## E) Información do procedemento de reintegro

A información que se subministrará refírese á derivada dos procedementos de reintegro efectuados e á referente á recadación destes reintegros.

1. O obrigado á subministración de información comunicará o contido da resolución do procedemento de reintegro da totalidade ou parte da subvención pagada. Esta comunicación realizarase a través da operación "Resolución do procedemento de reintegro de subvención".
2. Unha vez producido o ingreso dos reintegros requiridos o obrigado á subministración de información comunicará o resultado do proceso de recadación. Esta comunicación realizarase a través da operación "Recadación de reintegros de subvención".

## Resolución do procedemento de reintegro de subvención (26)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx26" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE IDENTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓN				
19	40	Alf	Identificación da concesión	Identificación da concesión, co contido de campos previsto como clave na operación "Concesión de subvención a beneficiario (20)".
59	8	Dat	Data de resolución	Data da resolución do procedemento de reintegro.
3.- DATOS DATOS DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DE SUBVENCIÓN				
67	8	Dat	Data de inicio	Data de inicio do procedemento de reintegro.
75	3	Alf	Forma	Forma en que se insta o inicio do procedemento de reintegro. Valor existente en táboa "Formas de instar o procedemento de reintegro".
78	3	Alf	Tipo	Tipo de resolución que finaliza o procedemento. Valor existente na táboa "Tipos de resolución do procedemento de reintegro"
81	3	Alf	Causa	En caso de reintegro procedente, causa principal que o fundamenta. Valor existente na táboa "Causas de reintegro".
84	15	Alf	Importe	En caso de reintegro procedente, contía da subvención que hai que reintegrar.

## Recadación de reintegros de subvención (29)

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx29" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano xestor	Identificación do órgano xestor da convocatoria.
2.- CLAVE IDENTIFICACIÓN DA RECADACIÓN DE REINTEGROS DE SUBVENCIÓN				
19	48	Alf	Identificación da resolución do procedemento de reintegro	Identificación da resolución, co contido de campos previsto como clave na operación "Resolución do procedemento de reintegro de subvención (26)".
3.- DATOS DATOS DA RECADACIÓN DE REINTEGROS DE SUBVENCIÓN				
67	3	Alf	Resultado	Resultado da xestión de recadación. Valor existente na táboa "Resultados da recadación".
70	8	Dat	Data do ingreso	Se é o caso, data comunicada polos órganos de recadación na cal se produciu o ingreso. En caso de ingresos parciais, data do último ingreso.
78	3	Alf	Período de recadación	Se é o caso, momento de recadación. Valor existente na táboa "Períodos de recadación".
81	15	Alf	Importe principal	Se é o caso, contía acumulada da cantidade a reintegrar ingresada
96	15	Alf	Importe xuros	Se é o caso, contía acumulada dos xuros ingresados

## F) Información sobre prohibicións (art. 13 LGS)

## Comunicación de sancións (47)

A información que se debe subministrar refírese ás persoas que non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora por ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei xeral de subvencións ou a Lei xeral tributaria.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx47" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano que comunica	Identificación do órgano que comunica a sanción.
2.- CLAVE IDENTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR				
19	15	Alf	Sancionado	Identificación do sancionado. Os datos persoais serán comunicados mediante a operación "DATOS PERSOAIS (70)".
34	12	Alf	Identificación do procedemento	Clave identificativa do procedemento. Codificación libre.
3.- DATOS DATOS DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SANCIONADOR				
46	8	Dat	Data de inicio	Se é o caso, data desde a cal perde a posibilidade de obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.
54	8	Dat	Data de fin	Data desde a cal o sancionado poderá volver obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.
62	3	Alf	Motivo	FIXO. VALOR "H".

## Comunicación de sentenzas (62)

A información que se debe subministrar refírese ás persoas que non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora por ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx62" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
7	12	Alf	Órgano que comunica	Identificación do órgano que comunica a sentenza.
			2.- CLAVE	IDENTIFICACIÓN DA SENTENZA
19	15	Alf	Sentenciado	Identificación do sentenciado. Os datos persoais serán comunicados mediante a operación "DATOS PERSOAIS (70)".
34	12	Alf	Identificación da sentenza	Clave identificativa da sentenza. Codificación libre.
			3.- DATOS	DATOS DA SENTENZA
46	8	Dat	Data de inicio	Data desde a cal perde a posibilidade de obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.
54	8	Dat	Data de fin	Data desde a cal o sentenciado poderá volver obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.
62	3	Alf	Motivo	FIXO. VALOR "A".

## Comunicación doutras prohibicións (63)

A información que hai que subministrar refírese ás persoas que non poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora por ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato subscrito coa Administración.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1.- CLASE				
1	1	Alf	Tipo de rexistro	FIXO. VALOR "D".
2	4	Alf	Tipo de operación	FIXO. VALOR "xx63" (xx de acordo coa táboa "Ámbitos").
6	1	Alf	Tipo de movemento	"A" Alta. "B" Baixa. "M" Modificación.
7	12	Alf	Órgano que comunica	Identificación do órgano que comunica a prohibición.
			2.- CLAVE	IDENTIFICACIÓN DA INHABILITACIÓN
19	15	Alf	Persoa	Identificación do inhabilitado. Os datos persoais serán comunicados mediante a operación "DATOS PERSOAIS (70)".
34	12	Alf	Identificación do procedemento	Clave identificativa do procedemento. Codificación libre.
			3.- DATOS	DATOS DA INHABILITACIÓN
46	8	Dat	Data de inicio	Data desde a cal perde a posibilidade de obter a condición de beneficiario
54	8	Dat	Data de fin	Data desde a cal o inhabilitado poderá volver obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora.
62	3	Alf	Motivo	FIXO. VALOR "C".

## Anexo 2. Formato dos campos usuais

## A) Códigos de identificación

## 1. Dos órganos da Administración do Estado e dos seus organismos autónomos.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO e DESCRICIÓN
1	4	Num	Año do orzamento	Exercicio orzamentario.
5	2	Num	Sección	Sección orzamentaria, codificada de acordo coa clasificación orgánica do gasto dos orzamentos xerais do Estado.
7	3	Num	Organismo	Se é o caso, código do organismo, codificado de acordo coa clasificación orgánica do gasto dos orzamentos xerais do Estado.
10	2	Num	Servizo	Se é o caso, código do servizo orzamentario, codificado de acordo coa clasificación orgánica do gasto dos orzamentos xerais do Estado. Cando varios órganos xestores de subvencións teñan asignada orzamentariamente a mesma clasificación orgánica, a Intervención Xeral da Administración do Estado proporcionará códigos únicos en resposta ás actuacións previas recollidas no anexo 5.
12	1	Alf		Sen contido

## 2. Das entidades públicas empresariais e demais entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración xeral do Estado.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO e DESCRICIÓN
1	4	Num	Año do orzamento	Exercicio orzamentario.
5	2	Num	Sección	Sección orzamentaria, codificada de acordo coa clasificación orgánica do gasto dos orzamentos xerais do Estado, á cal a entidade está vinculada.
7	5	Num	Código interno	En cada exercicio orzamentario e sección, código único asignado pola Intervención Xeral da Administración do Estado en resposta ás actuacións previas recollidas no anexo 5.
12	1	Alf		Sen contido

## 3. Das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

POS	LON	TIP	NOME	CONTIDO E DESCRICIÓN
1	4	Num	Ano do orzamento	Exercicio orzamentario.
5	2	Num	Sección	Valor fixo "60"
7	5	Num	Código interno	En cada exercicio orzamentario, código único asignado pola Intervención Xeral da Administración do Estado en resposta ás actuacións previas recollidas no anexo 5.
